

SAINT OMER

Alice Diop, 2022

1074

ESTREA EN NUMAX: 03.03.2023 | V.O.S.E. | +12 | 122 min

Tribunal de Saint Omer. A novelista Rama asiste ao xuízo de Laurence Coly, unha moza acusada de matar a súa filla de 15 meses ao abandonala á subida da marea nunha praia do norte de Francia. Pero a medida que avanza o xuízo, as palabras da acusada e as testemuñas farán cambalear as conviccións de Rama e porán en dúbida o seu propio xuízo.

«Unha mestura de sensibilidade humana e axilidade intelectual»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Conversa entre Alice Diop e Claire Denis: «Foi o cinema o que me deu un fogar»

A.D.: Vin todos os teus filmes antes de coñecernos. De feito, foron os teus filmes os que me achegaron a un certo desexo polo cinema que xa tiña, pero que levou moito tempo articular. Volveuse claro para min un día de novembro no que fun soa, embarazada, ver *35 Shots of Rum* (Claire Denis, 2008). Experimentei unha especie de shock -algo estético e político, pero tamén íntimo e emocional. Foi una epifanía: sobre o que era o cinema para min, sobre como me achegaba a el.

Levo facendo documentais arredor de 20 anos e é certo que o documental é un cinema moi político, moi intelectual, moi meditado, moi falado. En calquera caso, os meus filmes son así. Estudei ciencias sociais na universidade, así que sabía que o meu xeito de abordar o cinema era moi teórico e iso nótase sen dúbida nos filmes que fixen. Na apertura de *35 Shots of Rum* comecei a chorar porque de súpeto vin esa magnífica escena do RER B facendo unha viaxe que eu levaba facendo toda a miña vida e descubrín o mundo da miña infancia transformado en algo sublime por esa cámara tan sensible. Foi como se de súpeto vise o “non-lugar” no que medrara de forma máis clara. E decateime de que aquí tamén podía haber cinema e de que era tan político filmar eses “non-lugares” de xeito cinematográfico como facer un discurso arredor da cuestión do centro e a periferia.

O que máis me impresionou foi a túa forma de filmar eses corpos negros sen restrinxilos ao feito da súa negritude. Iso é algo que nunca vira antes. E lembro que inmediatamente despois che escribín unha carta longa, pero non a enviei porque estaba moi nerviosa. Ao final foi Toufik Ayadi quen me convenceu de facelo. Así que che mandei aquela carta. E respondíchesme, convidáchesme a aparecer nun programa de radio contigo -e era o día do meu aniversario! Aí foi onde comezou, aquel gran encontro, o encontro de toda unha vida. É raro dicilo diante de ti.

C.D.: Sempre é raro dicir por que che gusta alguén diante desa persoa.

A.D.: Desde logo que si.

C.D.: Cando vin *We* (Alice Diop, 2021), non me dixen: “Isto é un documental” -como se fose algo teórico. Vin algo que falaba de ti, Alice, da túa vida, da túa familia, como vías a famosa viaxe no RER B. Lera o libro que citas no filme, *Les Passagers du Roissy Express* (François Maspéro, 1990), había moito tempo. Agora ben, eu non son parisiense, e cando lin ese libro sobre a viaxe do RER B a través de París desde Charles de Gaulle ata Orly, esa ruta pareceume a ruta ideal para min, porque coñecía París, pero nunca tivera unha relación emocional coa rexión. Tiña familia alí, os meus avós, pero eu medrara lonxe e por iso sempre tiven o sentimento de que era unha estranxeira, de que non pertencía. Foi o cinema o que me deu un fogar. Non o digo nun sentido metafórico. O cinema permitíume dicir: “estou aquí, igual non é onde esperabades que estivese, pero estou aquí”. Cada un dos teus documentais contoume algo sobre onde estamos e o que é estar sen fogar. Moitas veces penso no home en *We*, que vive nunha caravana. Quero dicir, desde logo que son moito máis privilexiada que ese home, pero nunca tiven un lugar que chamar fogar. Penso que a primeira cousa á que lle puiden chamar fogar foi o meu primeiro coche, un Renault 4, porque por primeira vez podía ir a calquera sitio que quixese. Pasa o mesmo cos teus filmes, dinme onde estou.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Reunión,
Natasha Brown.
Anagrama, 2022

Piel negra,
máscaras blancas,
Frantz Fanon.
Akal, 2009

Medea,
Eurípides.
Gredos, 2010